



### CONCELLOS

#### CASTROVERDE

##### Anuncio

O Alcalde do Concello de Castroverde con data 26 de xuño de 2023, ditou o seguinte decreto organizativo que se publican en cumprimento da normativa vixente:

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS. Expte nº 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Designar como Tenentes de Alcalde deste Concello de Castroverde, aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: Dona María del Pilar Ferreiro Villar.

Segunda Tenente de Alcalde: Don Alberto Castro Sal

Terceiro Tenente de Alcalde: Don Remigio Lence Pallín

**SEGUNDO.** Os Tenentes de Alcalde nomeados terán como cometido a substitución do Alcalde en todas as súas funcións, pola orde en que están nomeados, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite o exercicio das atribucións que me competen, así como nos supostos de vacante da Alcaldía, tal como determina o artigo 47 do Regulamento citado.

**TERCEIRO.-** Delegar nos concelleiro e concelleira, que de seguido se citan, as seguintes atribucións:

- D.REMIGIO LENCE PALLÍN, CONCELEIRO-DELEGADO EN MATERIAS DE MEDIO RURAL.

As delegacións, efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Este nomeamento causará efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

-DONA M<sup>a</sup> DEL PILAR FERREIRO VILLAR, CONCELEIRA- DELEGADA DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE E DEPORTE.

O exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de cultura, comercio, turismo e promoción da lingua que comprenderá en todo caso a dirección da área municipal encargado da Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Ostentará competencias no fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, e turísticas de conformidade coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

A competencia citada implicará en todo caso a capacidade da Concelleira para propoñer ao órgano de contratación á aprobación, e adxudicación dos servizos e subministración da súa competencia en materia de cultura, turismo, comercio e promoción da lingua.

A capacidade da Concelleira para propoñer ao órgano de resolución as axudas de subvencións as asociacións culturais da súa competencia en materia de cultura.

En materia de Educación, mantendo relacións fluídas e permanentes para promover axudas e colaboración co CPI de Castroverde. Así como coas casa niño.

- A sinatura do Alcalde no visto e prace para os oficios dirixidos a outras Administracións.

- A colaboración con Alcaldía nos asuntos diarios.

As delegacións, efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Este nomeamento causará efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

-DONA M<sup>a</sup> LUÍSA FREIRE CORDERO DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS,MULLER, E IGUALDADE.

- Delegada de Servizos Sociais que se encargará de dirixir, xestionar e promover todo o referente a Servizos Sociais.

A competencia citada implicará en todo caso a capacidade da Concelleira para propoñer ao órgano de resolución as axudas de emerxencia social da súa competencia en materia de servizos sociais.

As delegacións, efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Este nomeamento causará efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

**CUARTO.-** Esta Resolución, da que se dará conta ao Pleno e publicarase Boletín Oficial da Provincia, notificándose ós nomeados, terá efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Castroverde,29 de xuño de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R, 2169

### *Anuncio*

#### **DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACION DE ATRIBUCIONS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Expte nº: 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

Creada a Xunta de Goberno Local, de conformidade coas facultades que me son conferidas nos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 62 e 65 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 46 e 52 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente RESOLVO:

**Primeiro.-** Designar membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros e concelleira:

-Don María del Pilar Ferreiro Villar, Primeira Tenente de Alcalde

-Dona Alberto Castro Sal, Segundo Tenente de Alcalde

-Don Remigio Lence Pallín, Terceiro Tenente de Alcalde

**Segundo.-** Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local en dúas sesións mensuais, a celebrar o primeiro e o terceiro mércores ás 14 horas. De coincidir en festivo, a sesión celebrarase o seguinte día hábil.

**Terceiro.-** Corresponderá á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións, e as que lle delegou o Pleno, e sen prexuízo da adopción dos actos que sexan de mero trámite que corresponderán a esta Alcaldía, a facultade de resolver nas seguintes materias, atribuídas legal ou regulamentariamente á Alcaldía, e que agora delego:

#### En materia de contratación.

-As contratacións e concesións de toda clase que son competencia de Alcaldía, en virtude do establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), é dicir, aquelas nas que o seu importe non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non superen nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin da contía sinalada, a excepción da contratación menor, regulada no art. 118 da LCSP, onde unicamente se delegará na Xunta de Goberno Local a súa adxudicación.

-Aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para súa contratación ou concesión e estean previstas no orzamento.

-Aprobación das certificacións e liquidacións, e demais actos resolutorios relativos ao cumprimento e execución dos contratos.

En materia económico financeira.

-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da Alcaldía, agás pagos por importe igual ou inferior a 5.000 euros, IVE excluído, determinación nominativa por asistencias, gastos de locomoción e dietas dos membros da Corporación, indemnización por razón do servizo do persoal, haberes e retribucións de todo o persoal municipal, gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.

-Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigacións en todos os supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Goberno.

-Aprobación de Bases e concesión de subvencións nominativas e en réxime de concorrencia competitiva.

-Aprobación de liquidacións de ingresos derivados de concesión de licenzas e autorizacións.

-A concertación de operacións de crédito e de tesourería de acordo co disposto no artigo 21.1 f) da LRBRL.

-Devolución de garantías constituídas.

En materia de urbanismo e licenzas.

-A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e aprobación dos proxectos de obras ordinarias.

-Outorgamento de licenzas urbanísticas

En materia de persoal.

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisións de postos de traballo.

En materia de bens.

-A concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando corresponda á Alcaldía.

-O alleamento do patrimonio cando corresponda á Alcaldía, agás os declarados de valor histórico ou artístico cuxo alleamento non estea previsto no orzamento.

En materia sancionadora.

-Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída ao Pleno.

Outras materias.

-O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias de competencia da Alcaldía.

**Quinto.-** Pese ás delegacións conferidas, a Alcaldía poderá, mediante Resolución motivada, resolver sobre as materias delegadas, cando a urxencia do asunto así o xustifique, dando conta á Xunta de Goberno na sesión inmediata seguinte para a súa ratificación.

**Sexto.-** Esta Resolución, da que se dará conta ao Pleno e publicárase Boletín Oficial da Provincia, terá efectividade dende ao día seguinte da súa sinatura.

Mándao e asínao

Castroverde, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández. O secretario, Rafael del Barrio Berbel.

R. 2170

---

*Anuncio*

**CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. Expte 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

De conformidade cos artigos 20.1.e) e 116 da LBRL, a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios e estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación.

Por outra banda, o 127.1 do ROF sinala que «a Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais Comisións Informativas.

O artigo 125 do ROF sinala que «no acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

*a) O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.*

*b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición acomódese á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.*

*c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular».*

Dada a actual composición da Corporación e visto que o artigo 66 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o número de membros será proporcional á súa representatividade no Concello.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Crear a Comisión Especial de Contas, de existencia obrigatoria en tódolos concellos, á que corresponde o exame, o estudo e o informe da Conta xeral e das demais contas anuais.

SEGUNDO.- Que a citada Comisión de Contas estea composta na seguinte forma:

Presidente: o da Corporación ou membro en quen delegue.

Vogais:

-Tres representantes do Grupo Socialista

- María del Pilar Ferreiro Villar
- Alberto Castro Sal
- Remigio Lence Pallín

-Dous representantes do Grupo Popular

- Pablo Figueiras Reguera
- Ricardo Antonio Díaz Fernández

-Un representante do grupo BNG

- Iría Castro Fernández

TERCEIRO.- A Comisión Especial de Contas celebrará sesión ordinaria cando sexan sometidas ao seu coñecemento as contas anuais, no día e hora que estableza o Alcalde-Presidente.

CUARTO.- O presente acordo terá efectividade dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Castroverde, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2171

---

### *Anuncio*

#### **DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. Expte 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

Para dar cumprimento ó disposto no artigo 38 c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear representante desta Corporación no Fondo Galego de Solidariedade, ao señor concelleiro don Pablo Figueiras Reguera e David Boudón Méndez

SEGUNDO.-Designar representante desta Corporación no Consello Escolar do Colexio Público Integrado de Castroverde, o señor Remigio Lence Pallín

TERCEIRO.- Designar representantes desta Corporación na Mesa Local de Comercio de Castroverde, aos Sres. Concelleiros don Alberto Castro Sal e don David Boudón Méndez.

CUARTO.- Designar representantes desta Corporación na Asociación Terras de Lugo,

Titular: don Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández, Suplente dona María del Pilar Ferreiro Villar

QUINTO.- O presente acordo terá efectividade dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Castroverde, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2172

---

### *Anuncio*

#### **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. Expte 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, e art. 210 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. - Que o Pleno celebre sesión ordinaria cada dous meses, o derradeiro xoves dos meses de xaneiro, marzo, maio, setembro e novembro, e o segundo xoves do mes de xullo ás 17,30 horas. Se o día fose inhábil a sesión celebrárase o día hábil inmediato anterior, á mesma hora.

SEGUNDO.- O presente acordo terá efectividade dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Castroverde, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2173

---

### *Anuncio*

#### **CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Expte 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

Visto o disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigo 35 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así como o artigo 59.2 b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, segundo os cales:

- *A Xunta de Goberno existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno da Corporación.*

- *Corresponde á Xunta de Goberno Local:*

- *a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións.*

- *as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue.*

Visto que o funcionamento da Xunta de Goberno está consolidado na estrutura administrativa do Concello.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno Local como órgano colexiado, que, baixo a Presidencia do Alcalde, estaría integrada por tres membros corporativos, con funcións asesoras da alcaldía e coas funcións executivas nas competencias que nela se deleguen.

SEGUNDO.- O presente acordo terá efectividade dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Castroverde, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2174

---

*Anuncio*

**INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA A SESIÓNS, DIETAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. Expte 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

Visto o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, e da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, que regulan as asistencias e indemnizacións que poden percibir os membros das corporacións locais.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Os membros corporativos que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán por asistencia efectiva a cada sesión:

- Por asistencia a cada sesión de Pleno: 110 euros.
- Por asistencia a cada sesión de Xunta de Goberno: 60 euros.
- Por asistencia dos representante deste concello ás sesións dos órganos colexiados dos que forman parte: 70 euros.

SEGUNDO.- Os membros corporativos percibirán as seguintes indemnizacións por razón do servizo:

-Gastos de locomoción con vehículo propio: 0,30 euros/km. Fíxase a distancia a Lugo, a efectos de indemnización, en 50 quilómetros, ida e volta, quedando excluído o aboamento de gastos de aparcamento e similares. A xustificación farase mediante “declaración responsable”, na que consten, polo menos, os seguintes extremos: día, motivo e km percorridos.

-Dieta por manutención, fóra do concello:

Media dieta: 40 € /día

Dieta completa (sen pernocta) : 80 € /día

A xustificación farase mediante “declaración responsable”, na que consten, polo menos, os seguintes extremos: día, motivo, hora de saída e hora de chegada.

-Os gastos de aloxamento, aboaranse coa presentación da correspondente factura.

Calquera outro tipo de indemnización será aprobada pola Xunta de Goberno, previa presentación dos correspondentes xustificantes dos gastos.

TERCEIRO.- O presente acordo terá efectividade dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Castroverde, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2175

---

*Anuncio*

**RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

**Expte 204/2023.**

Don Xosé María Arias Fernández, alcalde-presidente do Concello de Castroverde, en uso das súas atribucións legalmente conferidas,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

Vistos os artigos 13 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o 75 e seguintes da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola *lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*, que regulan as retribucións dos membros corporativos.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Establecer como cargos que levarán aparellada réxime de dedicación os seguintes:

- A Delegación de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte, en réxime de dedicación exclusiva ás tarefas propias do cargo, que non obstante poderán variar segundo as necesidades do servizo, cunhas retribucións brutas anuais de 34.000 € distribuídas en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

- A Concelleira-Delegada de Alcaldía e de Servizos Sociais, cunha dedicación parcial do 65%, cunhas retribucións brutas anuais de 18.000€, distribuídas en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro

SEGUNDO.- Quen ostente o cargo será dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda.

TERCEIRO.- O importe das retribucións actualízase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se establezan ao respecto.

CUARTO.- O presente acordo terá efectividade dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Castroverde, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2176

---

## MURAS

### *Anuncio*

Delegación de atribucións da Alcaldía

Mediante resolución desta alcaldía 2023-0288 de data 26.06.2023, dispuxose:

PRIMEIRO.- DELEGAR na primeira Tenente de Alcalde dona Paula Gómez Souto a totalidade das funcións da Alcaldía durante os días do 27 de xuño ao 6 de xullo de 2023, ambos inclusive.

SEGUNDO.- Comuníquese en forma legal á interesada.

TERCEIRO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente á interesada, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data da mesma.

Muras, 5 de xullo de 2023.- A alcaldesa accidental, Paula Gómez Souto.

R. 2177

---

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

Visto que é necesario proceder á aprobación do Padrón fiscal relativo ao imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais correspondente ao exercicio 2023, e co fin de proceder á correspondente recadación do IBI, despois de examinar a documentación achegada e, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Que se aprrobe o Padrón do imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais, correspondente ao exercicio 2023, composto por 403 cargos e por un importe total de cotas municipais de 209.994,54euros. O período voluntario de cobramento será o seguinte: do un de agosto ao trinta de setembro de dous mil vinte e tres.

**SEGUNDO.** Que se practique a notificación colectiva das liquidacións e o anuncio da cobranza en voluntaria dos tributos anteriores polos medios habituais e, sinaladamente, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asínao o alcalde, D. José Manuel Braña Pereda, en Negueira de Muñiz, a de 5 de xullo de 2023, do que eu, como secretaria dou fe.

Negueira de Muñiz, 6 de xullo de 2023.- O Alcalde, José, Manuel Braña Pereda. A Secretaria, Carmen Gómez Otero.

R. 2178

---

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 6 de xullo de 2023 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 6 de xullo de 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2179

---

## POL

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 6 de xullo de 2023 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao cuarto trimestre do ano 2022.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 27/07/2023 ao 27/09/2023 ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 6 de xullo de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2180



## O SAVIÑO

### Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, en relación co artigo 5 da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á información Pública e Bo Goberno, publícase o presente anuncio aos efectos de dar publicidade á inscrición nos Rexistros de Intereses das declaracións de bens e dereitos, así como das causas de posible incompatibilidade, dos membros da Corporación 2023-2027 do Concello de O Saviño que tomaron posesión do seu cargo despois das Eleccións Municipais de 28 de maio de 2023 (Expte. 764/2023).

Estos Rexistros teñen carácter público e poden consultarse na Secretaría Municipal. As declaracións de bens e incompatibilidades de cada concelleiro/a, cumprimentadas en formato papel, tamén estarán dispoñibles na páxina web municipal.

O Saviño, 6 de xullo de 2023.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2181

## VIVEIRO

### Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (2º trimestre do exercicio 2023) e anuncios de cobranza.

Con data de 5 de xullo de 2023 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais:

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Recollida de lixos	2º Trimestre de 2023	313.888,16.-€
Canon auga (Xunta)	2º Trimestre de 2023	65.334,70.- €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

#### Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

1. O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 7 de xullo ata o 7 de setembro do 2023, ambos inclusive.
2. Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
3. Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciárase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 5 de xullo de 2023.-A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2182

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“PROFESOR/A DE VIOLONCHELO 30% DA XORNADA COMPLETA”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE VIOLONCHELO 30% DA XORNADA COMPLETA”** funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala **“(…) Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos**

**A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.**

**Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”**

Vista a base xeral 8.2 que sinala: **“(…)A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 6, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto. Neste prazo tamén se poderá subsanar a documentación presentada ao respecto dos apartados c), d) e e). En ningún caso se poderá aportar, ao respecto dos méritos a valorar, méritos non aportados no prazo de presentación de instancias, incluso aínda que fosen referenciados no Anexo II pero non fosen acreditados documentalmente nese momento.**

**No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.”**

Tendo en conta que o punto 8.2 establece un prazo de subsanación, tanto de méritos como da acreditación do nivel de galego esixido, que será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín

Oficial da Provincia de Lugo, así mesmo establece que no suposto de non resultar excluído ningún aspirante a lista provisional aprobarase con carácter de lista definitiva.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE VIOLONCHELO 30% DA XORNADA COMPLETA, con carácter de lista definitiva de admitidos/as :**

**A) ADMITIDOS:**

Nº	APELIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	SANTIAGO GARCÍA FERNANDO	EXENTA
